

Danza dos sete saltos

Popular de Dinamarca

(Adaptación Iván Suárez)

Instrucións

Disposición: A danza báilase formando un círculo no inicio (fig. 6) cun número ilimitado de persoas que se collen das mans cos integrantes da dereita e da esquerda orixinando un *círculo pechado*.

A danza está composta de dúas seccións diferenciadas:

Frase A

*Comp. 1-4: realizamos oito pasos saltados cara a dereita e comezamos co pé dereito (facemos xirar o círculo).

*Comp. 5-8: de novo realizamos oito pasos saltados, pero desta volta aproximámonos pouco a pouco avanzando cara adiante (facemos o círculo cada vez máis pequeno).

Frase B

Esta é unha sección acumulativa na que iremos sumando xestos novos en cada repetición da mesma. Son os seguintes:

- 1: Levántase o pé esquerdo (fig. 1), despois o dereito, en equilibrio.
- 2: Levántase o pé esquerdo, despois o dereito. Axeonllarse coa perna esquerda (fig. 2)
- 3: Axeonllarse coa perna dereita (fig. 3)
- 4: O cóbado esquerdo está apoiado no chan.
- 5: O cóbado dereito está apoiado no chan (fig. 4).
- 6: Apoya o nariz no chan.
- 7: Apoya as mans no chan diante da cabeza como se mostra na figura 5.




Fig. 1

Fig. 2

Fig. 3




Fig. 4

Fig. 5

Fig. 6